



R E V I S T A O R A L

## Nº 11

**Sábado, 24 de setembro de 2011.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial do Mar (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **19 horas**. Lugar: Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo (Lugo). Duración aprox.: **1:30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

## SUMARIO

### Portada musical

*Tristesse* (F. Chopin), por **Natalia Bilenko** (3')

### A arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0

*Presentación do proxecto*, por **Encarna Lago** (5')

### Música

*Gabrielis oboe* (*A Misión*, E. Morricone), por **Natalia Bilenko** (3')

### A arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0

*O Teatro Fabulonírico en Feminino*, por **Noa Persán** (10')

### Música

*Prince e Princessa* (N. Rimsky Korsakov), por **Natalia Bilenko** (3')

### A arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0

*De Megayonkie a Superwoman*, por **Renata Otero** (10')

### Música

*Siciliana* (G. Pergolezi), por **Natalia Bilenko** (3')

### A arte de ser muller... do mar

*Enredando o mar*, por **Nuria Polo**. Proxección dun vídeo e entrevista ás redeiras **Mª Jesús Alonso e Chus Basanta** (15')

### Música

*Valse sentimental* (P. Tchaikovsky), por **Natalia Bilen'ko** (3')

### A arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0

*Cuervitos y calaveras o la increíble historia del pájaro negro y la princesa esqueleto*, por **Rebeca López** (10')

### Música

*Humoresque* (A. Dvorak), por **Natalia Bilenko** (3')

### A arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0

*MAR DE FONDO. Analogías entre a muller do mariñeiro e os pasos dunha artista nova*, por **Paula Cabaleiro** (10')

### Música

*Serenata* (F. Shubert), por **Natalia Bilenko** (3')

### Opinión

Intervención do público que o desexe.

### Epílogo

por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

### Contraportada musical

*Cyzne* (C. Saint-Saëns), por **Natalia Bilenko** (3')

Carrao.- Carrán común (*Sterna hirundo*). Aver semellante á gueivota, co rabo gallado, ventre branco e ás gris claro, longas e moi estreitas / Apelativo agarimoso aplicado aos naturais de San Cibrao.

**COLABORAN NESTE NÚMERO**

**María Jesús Alonso.**- Traballa como redeira dende os 14 anos. Logo dun ano aprendendo a profesión, recibiu o seu primeiro soldo sendo unha nena: 25 pesetas. A necesidade de dignificar a profesión e de que non desapareza fixo que entre ela e outras 15 mulleres fundaran a asociación de redeiras *Cabo Burela*, da que é a presidenta.

**Chus Basanta.**- Ser redeira gustoule dende sempre. Pertence a unha familia de mariñeiros. Facía traballosporádicos pero non profesionalizou o seu traballo ata hai 10 anos. Foi entón cando decidiu dedicarse por completo a esta arte. Ser membra da asociación de redeiras *Cabo Burela* axúdalle a loitar para pór en valor o seu oficio.

**Natalia Bilenko.**- Naceu en Ucraína. Realizaou estudos musicais na Escola de Ensino Xeral entre 1975 e 1993, onde obtivo Diplomade Honor, entre 1976 e 1978 formouse na Escola Primaria de Música de Noviy Rozdol, especialidade de violín, rematando con Diploma de Honor. De 1983 a 1987 obtivo o título de Músico de Orquestra e Profesora de Violín no Colexio de Música *Liudkevich* de Lvov, e de 1987 a 1992 no Conservatorio Superior Estatal *Lisenko*, onde rematou titulada como Músico de Orquestra, Músico de Grupo de Câmara e Profesora Superior de Violín. Entrou en 1993 e 1994 formou parte da Orquestra Sinfónica Filarmónica da cidade de ZHeshuv, Polonia, e entre 1995 e 1998 da Orquestra Sinfónica de Lvov. De 1998 a 1999 foi seleccionada para formar parte da Orquestra Sinfónica de Galicia. Entre 2004 e 2007 colaborou como Profesora de Violín no Conservatorio Profesional de Música *Cantiga* de Sarria e desde entón imparte clases particulares e como intérprete forma parte de varios grupos de música de cámara.

**Paula Cabaleiro.**- Nace en Cangas do Morrazo (1986); reside en Pontevedra. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo no 2009, estudou o Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporánea na USC. Artista multidisciplinar, membro fundadora do colectivo artístico 2065, co que realiza múltiples exposicións en España e Portugal. Seleccionada en certames como *Arte no Morrazo*, *Premio de Grabado Xesús Nuñez* da Fundación CIEC, *Máximo Ramos de Grabado* da Fundación Torrente Ballester, etc. Comisaria da exposición colectiva "*Que ves cando me ves?*" en Santiago de Compostela, coordinadora de arte no proxecto co mesmo nome; formou parte do equipo de producción da Bienal de Pontevedra do 2010 e da Feira Espazo Atlántico (2010-2011) e do departamento de Didáctica do MACUF. Expón na Rede Museística de Lugo (Pazo de Tor, Museo Etnográfico de San Paio de Narla e Museo Provincial do Mar) no proxecto "*Arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0*". Actualmente traballa no proxecto "*Camiños en Feminino*", da Fundación Camiños de Santiago. Entre últimos proxectos, destacar a súa participación no I Encontro de Artistas Novos da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.  
(<http://www.paulacabaleiro.blogspot.com>)

**Rebeca López.**- Nace en Lugo en 1978. É licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo onde tamén cursará os seus estudos de doutoramento, fundamentais á hora de comezar a centrar o seu traballo nas personaxes dos contos de fadas clásicos, en especial, na figura de carrapuchiña vermella,e por suposto a intensificala súa interese na ilustración. Durante varios anos realiza múltiples exposicións individuais e colectivas de pintura e escultura e diferentes colaboracións no ámbito da ilustración o deseño gráfico e tamén de complementos de moda. Actualmente continua traballando entre o mundo das exposicións e o da ilustración.

**Noa Persán.**- Desde nena soñaba debuxos nos que a muller xa era a protagonista... debuxos a lapis ou a bolígrafo que continuaría esbozando cando me trasladei de Donostia aos Arcares con case oito anos, e onde transcorrerían cinco traumáticos anos da miña vida nos cales apenas debuxaría áinda que ampliaría a miña temática debuxando animais e algo máis. Non t'ven ao alcance do meu retiro outro material que me permitise pintar ata que vin estudar a Lugo, foi entón cando tiven a oportunidade de usar carbonciños, pasteis secos e lapis de cores, comezando entón a facer algúns que outro encargo. Cando comecei Enxeñería Forestal substituiría os pasteis secos polo óleo, pintando con acrílicos, lapis acuarelables, acuarelas e tintas, tomando os *ukiyo-e* xaponeses como fonte de inspiración e outros motivos da pintura tradicional oriental á vez que comezaba a expor e, con 22 anos, a impartir clases. Sempre incompleta, aquilo que soñara comezaba a tornarse en realidade. O meu horizonte, desde nena contemplara gris e limitado, era agora infinito e de acadas cores, dunha complexidade tal, que non só debo pintalo, senón tamén moldealo e escribilo, instalándoo así nunha nova e cuasicompleta etapa artística: as *Instalacións Teatroníricas*.

**Renata Otero.**- Artista multidisciplinar, nacida en Barcelona, con orixes ao Norte de Lugo: pai de Nois-Foz, nai de Trabada e durante moitos anos viviu en Viveiro. Licenciada en BBAA e Doutora en H<sup>a</sup> do Arte. Desde hai 18 anos a súa obra enmárcase dentro da autorreferencialidade con traballos próximos ao diario, a crónica persoal, o autorretrato ou a autobiografía. E faino desde disciplinas tan diversas como a pintura, a fotografía, o cómic, o video, a performance, a instalación, ou a escritura. Foi premiada, entre outros galardóns, coa Beca Novos Valores da Deputación de Pontevedra (1998) e aparece reproducida en 25 catálogos, algúns editados desde meridianos tan diversos como Tailandia (Womanifesto 2003), Bélica (Visual poetry, 2003, galería C. e Vos) ou Barcelona (CCD Francesca Bonnemaison, 2010). Participou en case setenta exposicións, gozando de espazos como o Museo de Arte Moderno de Tarragona, o CCCB de Barcelona, o Auditorio de Galicia, A Casa das Artes en Vigo ou o Museo Granell e a Casa da Parra en Compostela. Ademais imparte conferencias, cursos e ponencias en plataformas culturais tan heteroxéneas como o CGAC (1998-2008) ou a Facultade de Ciencias da Comunicación da USC (2009).

**Nuria Polo Pigueiras.**- Naceu no Vicedo (1981), nunha familia mariñeira. É Licenciada en Ciencias da Información pola USC. Realizou os seus primeiros traballos como xornalista en *La Voz de Galicia* (edición A Mariña) e na revista sobre novas tecnoloxías *Código Cero*. En 2005, participou na produción e gravación do documental "Adosados", gañador do "Premio Castaña", de Vigo e finalista do festival Documanía, celebrado en Madrid. Dende hai oito anos traballa na Radio Galega, onde realizou labores de reporteira, redactora e presentadora en diversos *magazines* e programas informativos. Na actualidade, e traballa como redactora de informativos na delegación que a Radio Galega ten na Coruña. O seu amor pola cultura e a música do país levárona a colaborar no programa "Planeta Furanco", de Radio Galega Música , dirixida polo músico Vituco Neira. Tamén traballa dende 2008 na plataforma feminista "Observatorio da Mariña pola Igualdade".

\* \* \* \* \*